

Resolución do 30 de xuño de 2006, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se procede a nomear e facer pública a composición do tribunal que deberá xulgar as probas extraordinarias de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio para o curso 2006-2007.

Publicada a Resolución do 20 de xuño de 2006, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan con carácter extraordinario probas de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional específica, procede facer pública a composición do tribunal único establecido no artigo 6.2 da Orde do 1 de abril de 2002, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica.

En consecuencia, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública a composición do tribunal único que deberá xulgar as probas extraordinarias de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio para o curso 2006-2007, que figuran no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2006.

Antonio Vázquez Vázquez
Director xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

ANEXO

Presidente: Manuel Corredoira López, inspector da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Vogais:

Xesús Cociña Souto, profesor de ensino secundario.
Amparo Martínez Besada, profesora de ensino secundario.

Carmen Meiriño González, profesora de ensino secundario.

Luís Manuel Álvarez Martínez, inspector da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Suplentes:

Presidente: Alfonso González González, inspector da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Vogais:

Serafín Vázquez Alvares, profesor de ensino secundario.

Rosa Fernández Rodríguez, profesora de ensino secundario.

Juan Granados Loureda, profesor de ensino secundario.

José Fisteos Suengas, inspector da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Resolución do 22 de maio de 2006 pola que se fai pública a relación de galardoados co IV Premio Galicia Innovación Júnior.

Advertidos erros na citada resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 113, do 14 de xuño, cómpre facer as seguintes correccións:

Na categoría de mozos e mozas de 12 a 15 anos, no que se refire aos accésits, dotados cada un deles cunha cámara dixital, incluír o mozo que se relaciona no traballo que se indica:

-Galaktionov, Daniil: Hidropiano de percusión.

Na categoría de mozos e mozas de 16 a 18 anos, nos accésits, dotados cada un deles cun reproduutor de música dixital con disco duro ou memoria *flash*, incluír o mozo que se relaciona no traballo que se indica:

-Canzobre Castelo, Lucas: Sebas: servizo de extracción de lixo.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 4 de xullo de 2006 pola que se regulan e convocan axudas para a compra de gando bovino que teña por obxecto a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais.

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, (BOE nº 307, do 21 de decembro), establece no seu artigo 2 as enfermidades que estarán sometidas a control oficial en programas nacionais de erradicación e cita a brucelose bovina e a tuberculose bovina entre elas.

Nos artigos 15, 16 e 17 deste real decreto dispónse o sacrificio obrigatorio dos animais reaccionantes positivos a algunha destas enfermidades e o dereito a percibir indemnizacións como consecuencia desa obrigatoriedade de sacrificio deses animais.

Con todo, as indemnizacións establecidas son insuficientes para paliar as importantes perdas económicas dos produtores, sobre todo naquelas explotacións en que se fai un baleiro sanitario total por sacrificio preventivo e destrución de todos os seus animais, que, ademais, teñen que sufrir un período de inactividade produtiva ata que os servizos veterinarios oficiais autoricen novamente a reintrodución de animais novos nesa explotación.

Así, aínda que a lei de sanidade animal reconece expresamente o dereito do dono do animal a ser

indemnizado polo dano causado ao sacrificar os animais, a aplicación dos métodos de valoración existentes na actualidade non son proporcionais á deterioración patrimonial que efectivamente se produce porque se lle impide producir durante un período de tempo que, en moitos casos, constitúe o seu medio de vida, polo que unha vez declarada a enfermidade se producen na práctica situacións de grave desamparo e indefensión. Estes feitos poden poñer en perigo a viabilidade económica destas explotacións.

Consecuentemente co exposto anteriormente, faise imprescindible establecer os mecanismos de reparación e resarcimento dos danos realmente causados ao propietario ante o establecemento de medidas obrigatorias como consecuencia dun programa de prevención e erradicación de enfermidades dos animais das que en ningún caso se pode facer responsable o propietario da explotación.

Ademais, hai que ter en conta a dificultade coa que se atopa o produtor para poder repoñer os animais de similares características aos que se lle obrigou sacrificar, e que na maior parte dos casos non hai posibilidade de acadar a reposición total ao mesmo tempo.

As directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C-28/2), no caso das destinadas a loita contra enfermidades animais e vexetais, establecen que poderán concederse compensacións por un importe igual ao valor normal dos animais sacrificados.

O importe das indemnizacións por sacrificar animais que foron diagnosticados positivos á brucelose ou tuberculose é un valor fixo establecido nun baremo publicado no Real decreto 1328/2000, do 7 de xullo, polo que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais obxecto de programas nacionais de erradicación de enfermidades, modificado polo Real decreto 1473/2005.

Polo tanto, para aqueles casos nos que coas indemnizacións por sacrificio obrigatorio non se acada o valor de adquisición de novos animais similares aos sacrificados e consecuentemente non resultaría factible repoñer eses animais, considérase necesario establecer axudas para favorecer a reposición de gando sacrificado obrigatoriamente.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Establécense axudas de concesión directa ao abeiro do artigo 22.2º c) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, aos titulares de explotacións de gando bovino para a compra de animais da citada especie que teña por obxecto a reposición de efectivos naquelas explotacións en que se ordene o sacrificio de animais da especie bovina existentes nela, tras a realización do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación de brucelose ou tuberculose.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán acceder a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións de gando bovino nas que fose ordenado o sacrificio obrigatorio de bovinos existentes na explotación como consecuencia do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación de brucelose ou tuberculose.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Para poder ter dereito ás axudas establecidas nesta orde, é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre epizootias, programas de erradicación de enfermidades animais e a relativa á vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles. Esta normativa recóllese na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal; Regulamento de epizootias do 4 de febreiro de 1995; Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación das enfermidades dos animais; Regulamento (CE) 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, referente á vixilancia epidemiolóxica e aos controis das encefalopatías esponxiformes transmisibles e as súas posteriores modificacións; Regulamento (CE) 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano; e en todas aquelas normas de desenvolvemento en materia de sanidade animal. Especialmente serán comprobados pola Administración os seguintes requisitos:

-En todos os casos, ter sacrificado obrigatoriamente aqueles animais de especies susceptibles de padecer a enfermidade e que foron diagnosticados positivos.

-Ter efectuada, previamente á reposición dos animais, a limpeza e desinfección da explotación de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente.

-Non estar en ningún dos seguintes supostos establecidos no artigo 22 da Orde do 4 de abril de 1997 pola que se establecen as normas para desenvolvemento das campañas de saneamento gandeiro das especies bovina, ovina e cabrúa:

a) Que aparezan na corte reses bovinas, ovinas e/ou cabrúas sen identificar, non existindo causa xustificada para isto.

b) Que existan mostras de manipulación na documentación sanitaria e/ou marcas de identificación.

c) Que a totalidade das reses non foi sometida a campañas nos anos anteriores tendo idade para isto.

d) Que exista evidencia de calquera manipulación que poida alterar a fiabilidade dos resultados nas probas prácticas ou laboratoriais.

e) Que se vendesen ou adquirisen animais quebrantando a inmovilización sinalada no artigo 13 desta orde, ou se incorporase á explotación algún animal que non proceda de explotación cualificada sanitariamente, se descoñeza a súa orixe ou careza de acreditación sanitaria suficiente.

f) Que o sacrificio se leve a cabo en lugares ou matadoiros non autorizados ou nos situados fóra de Galicia sen autorización previa para o traslado.

g) Que non se sacrifiquen todas as reses positivas no prazo de trinta días naturais a partir da data de marcaxe coa T ou de notificación da positividade.

h) Que a corte se atope nun estado de deficiente hixiene e desinfección, o non cumpra coas normas técnicas que en cada caso se establezan.

i) Que non se declare a incorporación dos animais procedentes doutras explotacións no prazo e condicións establecidas na presente orde.

Artigo 4º.-Requisitos dos animais adquiridos.

1. Os animais da especie bovina obxecto de subvención procederán de explotacións con cualificación sanitaria T3 e B4 e libre de encefalopatías esponxiformes transmisibles.

2. Unicamente será subvencionable a reposición efectuada con animais destinados á reprodución correctamente identificados, para manter na explotación un nivel de produción similar ao existente con anterioridade ao sacrificio, e cunha idade comprendida entre 20 meses e 4 anos para gando de aptitude láctea e entre 20 meses e 6 anos para o de aptitude cárnica.

En caso de que a reposición se efectúe mediante a substitución dun rabaño completo o 70% dos animais seus deberán estar comprendidos neses tramos de idade, e do 30% restante serán subvencionables só os animais que se atopan comprendidos entre os 8 meses e os 6 anos de idade, se son de aptitude láctea e entre 8 meses e 9 anos se son de aptitude cárnica.

Artigo 5º.-Clase e contía das axudas.

1. As axudas para a compra de animais destinados á reposición establecidos nesta orde poderán concederse nas contías e cos límites seguintes:

-Cincocentos euros (500 €) por animal adquirido da especie bovina, nos casos de baleiro sanitario nunha explotación, ata un máximo de 24.000 € por beneficiario.

-O 75 % do importe citado no primeiro punto por cada animal bovino adquirido nos casos en que non se realiza baleiro total da explotación, ata un máximo de 12.000 € por beneficiario.

-Ademais do establecido nos puntos anteriores, poderá concederse unha contía adicional nos casos seguintes:

* Se os animais sacrificados pertencen a explotacións incluídas en núcleos de control leiteiro, nun importe por animal igual ao resultado de multiplicar:

0,15 € polos quilos de leite resultantes de aplicar a diferenza entre o rendemento leiteiro medio de, polo menos, o 60% das femias da explotación con maior rendemento e a cantidade de 6.700 quilos.

* Se os animais sacrificados pertencen a unha raza cárnica e están inscritos no libro xenealóxico da citada raza poderase engadir unha contía adicional de:

150 € en vacas menores de 10 anos cualificación morfolóxica de 75 a 79 puntos.

300 € en vacas menores de 10 anos cualificación morfolóxica de 80 a 84 puntos.

450 € en vacas menores de 10 anos cualificación morfolóxica máis de 85 puntos.

Aplicaríase a cualificación morfolóxica que figure na carta xenealóxica do animal.

Nestes últimos casos o límite máximo por beneficiario será de 36.000 €.

-En todo caso o límite máximo do importe da axuda por cada animal repostado será a diferenza entre o valor de adquisición do animal novo e a suma do importe da indemnización polo sacrificio do animal substituído e o valor obtido na súa comercialización.

2. O número de reses obxecto da axuda non poderá ser superior, en ningún caso, ao dos animais reprodutores que figuren asignados a esa explotación na base de datos oficial da Consellería do Medio Rural e que fosen obxecto de sacrificio obrigatorio, entendéndose como tales os animais bovinos de máis de dous anos, e os de menos de dous anos que parisen antes desa idade, e que teñan menos de dez anos de idade nos de aptitude leiteira e quince anos nos de aptitude cárnica.

Artigo 6º.-Solicitudes, prazos e documentación.

As solicitudes, segundo o modelo que figura como anexo I da presente orde, poderán presentarse nas oficinas da Consellería do Medio Rural así como nos demais lugares e forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte da data de publicación da presente Orde ata o 21 de novembro do ano 2006, incluída esta data no cómputo do prazo.

Coa solicitude xuntarase a seguinte documentación:

-NIF do solicitante no caso de persoas físicas e CIF cando se trate de persoas xurídicas.

-Certificado da entidade bancaria acreditativo de que a conta citada na solicitude para a domiciliación dos pagamentos correspóndelle ao solicitante.

-Facturas pagadas, ou documento equivalente, que acrediten a compra das reses polas que se solicita a axuda.

-Xustificantes do importe percibido polos canais de animais sacrificados.

-Se é o caso, xustificante de destrución dos canais dos animais que foron obxecto de comiso no mata-doiro.

-No caso de ser unha explotación incluída no núcleo de control leiteiro, certificación que acredite os rendementos medios obtidos polo rabaño correspondente ás lactacións válidas e finalizadas.

-No caso de que os animais sacrificados fosen de raza cárnica e estivesen inscritos no libro xenealóxico da raza, copia cotexada da carta xenealóxica dos animais sacrificados en que figure a cualificación morfolóxica.

-No caso de persoas xurídicas copia compulsada do documento de constitución da sociedade e dos estatutos e certificado expedido polo órgano xestor da sociedade en que conste o acordo de solicitar a axuda e a identidade da persoa autorizada para solicitala.

Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase o interesado na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que nun prazo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, se considerará que desis-

tiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

Artigo 7º.-Tramitación e resolución.

A Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria é o órgano competente para a tramitación das axudas reguladas e convocadas nesta orde, logo de informe técnico das solicitudes polos servizos provinciais de Gandaría. Contra a resolución que dite o conselleiro do Medio Rural poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación daquela.

A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Poderanse entender desestimadas as solicitudes non resoltas nun prazo de seis meses contados desde a data de presentación delas. Transcorrido o dito prazo, o interesado dispón de tres meses para interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural.

Cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se é expresa; ou seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A resolución de concesión poderá ser modificada en caso de alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención, ou en todo caso pola obtención concorrente da axuda e subvención outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Artigo 8º.-Xustificación e pagamento.

O pagamento da subvención realizarase dunha soa vez, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos anteriores e comprobada a reposición efectiva.

Os beneficiarios presentarán, antes do pagamento, unha declaración complementaria do conxunto das axudas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

De acordo co artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, a presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, quedarán exentos da xustificación do cumprimento das obrigas os beneficiarios das axudas que non superen un importe de 1.500 euros, segundo o previsto no artigo 41 un) da Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.

Artigo 9º.-Compatibilidade das axudas.

As subvencións reguladas pola presente orde serán compatibles con calquera outra que poida obterse de distintas administracións para a mesma finalidade.

Artigo 10º.-Controis.

A Consellería do Medio Rural poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda. O beneficiario estará obrigado a colaborar na citada inspección, proporcionando os datos requiridos e facilitando, se é o caso, o acceso á explotación.

O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 11º.-Incumprimento e reintegro.

O incumprimento polo beneficiario de calquera das condicións establecidas nesta orde dará lugar á perda do dereito á subvención e á devolución, se é o caso, das cantidades indebidamente percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades á que houber lugar (artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia).

Artigo 12º.-Financiamento.

As axudas establecidas nesta orde aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.613-A.770.0 Programas sanitarios especiais, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, para o que se destina inicialmente un importe de 700.000 euros que poderá ser incrementado na medida necesaria para que poidan ser atendidas todas as solicitudes recibidas.

En todo caso, a concesión das axudas quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente.

Disposición adicional

Nos aspectos non contados nesta orde, terá que atermarse ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO AXUDAS Á REPOSICIÓN DE ANIMAIS: XERAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR550A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS		NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA OFICINA	DÍXITO CONTROL	CÓDIGO CONTA
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ NIF OU CIF.
☐ CERTIFICADO DA CONTA BANCARIA.
☐ FACTURAS DE COMPRA OU DOCUMENTO EQUIVALENTE.
☐ XUSTIFICANTES DO VALOR ECONÓMICO DOS CANAIS DOS ANIMAIS SACRIFICADOS OU XUSTIFICANTES DE DESTRUCCIÓN DOS CANAIS DECOMISADAS.
☐ XUSTIFICANTE DE RENDEMENTOS LEITEIROS OU DE CUALIFICACIÓN MORFOLÓXICA CÁRNICA.
☐ ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE, DE SER O CASO.
☐ EN CASO DE REPRESENTACIÓN: AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE AO ASINANTE DA CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE NA QUE SE ACREDITE O DESEMPEÑO ACTUAL DO CARGO, DE SER O CASO.
☐ DECLARACIÓN DE AXUDAS.

Quen abaixo asina solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do _____ da Consellería do Medio Rural.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 4 de xullo de 2006 pola que se regulan e convocan axudas para compra de gando bovino que teña por obxecto a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de 200

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Corrección de erros.-Orde do 11 de maio de 2006 pola que se establece o Plan de recuperación do polbo (*Octopus vulgaris*) e se regulan as bases e a convocatoria para a concesión de compensacións financeiras aos propietarios e tripulantes de buques dedicados a captura de polbo, afectados pola paralización temporal da súa actividade.*

Advertidos erros na dita orde, publicada no DOG nº 92, do luns 15 de maio de 2006, cómpre facer as oportunas correccións:

Ná páxina 7.737, artigo 12.3º, onde di: «A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor para obter dos organismos competentes os certificados de que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia ...», debe dicir: «A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor para obter dos organismos competentes os certificados de que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade social e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia ...».

CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA

Resolución do 30 de xuño de 2006 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para optar a 60 prazas exentas do pagamento de matrícula nos estudos de ciencias criminolóxicas e da seguridade pública.

Ao abeiro do convenio asinado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia-Cexesga) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), en materia de formación, para contribuír á realización e desenvolvemento do título universitario propio de ciencias criminolóxicas e da seguridade pública, así como facilitar a obtención deste título por parte dos alumnos do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia de cara a favorecer a súa promoción interna e a carreira profesional, anúnciase a oferta de 60 prazas que estarán exentas do pagamento de matrícula, e a apertura do prazo de solicitudes para todos aqueles interesados, que deberán ter en conta as bases seguintes:

Obxectivos.

Estes estudos, impartidos a través do Instituto de Criminoloxía da USC (ICUS), son unha titulación propia desta universidade que se axusta aos requirimentos da orde ministerial do 19 de novembro de 1996 (BOE do 27 de novembro), pola que se declara equivalente o diploma superior de criminoloxía ao título de diplomado universitario, para os efectos de tomar parte nas probas de acceso aos corpos,

escalas e categorías das forzas e corpos de seguridade, dependentes das distintas administracións públicas, nos cales o ingreso veña condicionado á posesión dun título de diplomado universitario ou equivalente.

Tamén figura no convenio a posibilidade de validar, por proposta da comisión mixta que se crea para o seguimento das actividades obxecto del, as materias ou disciplinas que formen parte dos programas de estudos dos cursos selectivos organizados e impartidos polo Cexesga, con suxeición aos criterios adoptados polo Consello de Universidades e ás normas de xestión académica da USC.

Destinatarios.

Para poder optar a estas prazas, ademais dos requisitos que se sinalan nos puntos seguintes, é preciso ser funcionario de carreira dos corpos de policía local ou da policía autonómica (unidade do CNP adscrita á Xunta de Galicia), e atoparse na situación administrativa de servizo activo nalgún destes corpos.

Ademais, como requisito académico, os solicitantes deberán ter superada a PAAU (selectividade) ou a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Prazas.

Segundo se estipula no convenio, 60 das prazas ofertadas polo ICUS reservaranse para aqueles funcionarios dos corpos antes citados, que cumpran todas as condicións reflectidas nesta convocatoria e que resulten seleccionados polo Cexesga.

Solicitudes.

1. Os interesados deberá remitir ao Cexesga, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a solicitude do anexo.

2. O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 31 de xullo de 2006, ás 14.00 horas.

3. As solicitudes deberán enviarse ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia (fax: 986 59 09 88; avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra); ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Selección.

As solicitudes serán seleccionadas polo Cexesga, e quedarán fóra da exención dos dereitos de matrícula aquelas solicitudes que figuren nun ordinal superior a aquel que se estableza para cada un dos corpos, segundo se recolle no punto seguinte. O Cexesga comunicarlle ao ICUS a listaxe, resultante da selección, daquelas persoas que teñan financiadas as súas matrículas.

Procedemento de selección.

A selección, tendo en conta os obxectivos que o convenio citado persegue, farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Reservaranse 40 prazas para os funcionarios dos corpos de policía local e 20 para os da policía autonómica. No caso de que a cota de prazas reservada para un dos corpos non se cubrixe, incrementaríase as reservadas para o outro.

2. Terán prioridade os que carezan de titulación universitaria e se matriculen no primeiro curso.